

ZARDIGOT

De Euloxio R. Ruibal

PERSONAXES

Sabela
Estrela
Mingos
Xaquín
Home
Fuco
Capitán
Saxento
Vello
Soldado 1
Soldado 2
Soldado 3
Soldado 4

Sabela, moza duns quince anos, toca unha frauta mentres se arrandea nun bambán. Un anaco despois, deixa de tanguer e canta.

SABELA

A grila co grilo
brinca na cama.
O grilo asubía
e a grila canta.

¿Qué terá a grila,
cal será o seu mal?
Pola noite, leda;
de día a chorar.

Cando o grilo a bica,
ela xa non canta:
cala ben axiña,
parece unha santa.

Déitase con el
para ir de viaxe
e volve co día
chea de fogaxe.

¿Qué terá a grila,
cal será o seu mal?

Non hai quen a entenda,
non sabe o que quer;
ten folgos, ten grilo,
e veña a xemer.

¿Qué terá a grila,
cal será o seu mal?

O grilo tolea
e fregas lle dá,
mais ela co rabo
non o deixa en paz.

¿Qué terá a grila,
cal será o seu mal?

Disque é o medo,
disque certo é,
de ficar sen cama
e durmir de pé.

¿Qué terá a grila,
cal será o seu mal?
Pola noite, leda;
de día, a chorar.

Xa chegou o día,
xa cantou o galo:
o grilo por riba,
a grila por baixo.

¿Qué terá a grila,
cal será o seu mal?

¿Qué terá a grila...?
¿Qué terá a grila...?
¿Qué terá a grila...?

Ao rematar de cantar, volve a tocar a frauta. Pouco despois chega Estrela, a súa nai.

ESTRELA

¿Viches a Mingos, Sabeliña?

SABELA

Non.

ESTRELA

Olla a ver si está no seu cuarto. E deixa de tocar. Vante oír fora.

SABELA

Ergueuse cedo.

ESTRELA

¿E onde irá?

SABELA

Non sei.

ESTRELA

Tiña que ir polo leite. Hoxe tampouco veu o Tatexo.

SABELA

Podo ir eu.

ESTRELA

Vai chegar teu pai e o almorzo sen facer.

ESTRELA

Viñérono chamar moi cedo. Aínda non saíra o sol. Cando non é un, é outro. Non temos acougo. Parece que se poñen todos de acordo para amolarse de noite.

SABELA

O mal non avisa. Dígoche que vou eu polo leite.

ESTRELA

Non están as cousas coma para saír as mulleres á rúa. E menos aínda unha rapaciña coma ti.

SABELA

¡Ai!, vanme comer.

ESTRELA

Non me volvas coa teima de sempre. ¡Non, e xa está!

SABELA

¡Xesús! Non pode unha facer nada. Pois non penso afogar aquí. ¡Nin ollar pola fiestra, nin cantar, nin tocar o flautín, nin siquera saír á rúa...! ¿Coidas que me vou deixar apodrecer?

ESTRELA

¡Cala, cala! Que non se che ocorra falar desto diante de teu pai. Mátate, ¿oes?
¡Mátate!

SABELA

Aínda que me mate. Levo meses pechada nesta noventa casa e non penso seguir así. É verán e Quero tomar a raiola, ulir as flores, brincar, ir ao río...

ESTRELA

E escoltar os tronos dos canóns, os tiros; ¡ver aos mortos, aos feridos, aos asasinados...!

SABELA

¡Tamén, si, tamén!

ESTRELA

¡E andar detrás dos soldados...!

SABELA

Tamén.

Entra Mingos.

MINGOS

Esta quere rematar coma un baldreo. Xa hai moitas por aí adiante...

ESTRELA

Haberá que endereitala un pouco. Non hai quen faga bo dela.

SABELA

Boh... Estadés para amolar a unha.

Ponse a tocar a frota.

ESTRELA

Minguiños, anda, vai onda os do tío Xacobe e pídelles emprestado outro pouco leite. Tampouco hoxe veu o Tatexo.

MINGOS

Non hai leite en toda a vila. Veño de percorrela.

ESTRELA

¿Qué dis, meu rei? ¡Teño que facer o almorzo!...

MINGOS

Non o hai para ninguén.

ESTRELA

Cala dunha vez con eso, rapaza. Non me tolees a cabeza.

SABELA

¡Xesús! ¡Que xente! ¡Xa me vou, xa me vou...! ¡Que día!

Levantándose.

Sae.

ESTRELA

¿Qué pasou logo, Minguiños?

MINGOS

¡Boa peza está feito o Tatexo!

ESTRELA

Gracias a el tivemos leite todo este tempo.

MINGOS

Mentres outros pasaban sen el. Os que loitan non teñen que levar á boca. O leite está racionado.. e nós, vivindo ben, comendo ben...

ESTRELA

¿Qué queres? ¿Temos nós a culpa de que haxa guerra? Esas causas que as arranxen eles. Ben nos amola, para ter, por riba, que pasar fame.

MINGOS

E o aproveitado do Tatexo viña vender o leite aos ricachóns da vila a bo prezo. ¡Estívolle ben!

ESTRELA

¿O que?

MINGOS

¿Aínda non o sabes? Para vós a guerra arránxase pechándose na casa. Pechando os ollos, os oídos... Xa se correu por toda a vila.

Entra Xaquín.

XAQUÍN

Non me digades que non hai leite, que xa estou farto de sabelo. E aínda que o houbese... ¡Trousaría!

ESTRELA

Non traes boa cara...

MINGOS

Atopouse co Tatexo. ¿Non si, papá?

XAQUÍN

Estes porcós van rematar con todos. ¡Esta noite, dous!

ESTRELA

¿O Tatexo?

MINGOS

Andábaas buscando.

ESTRELA

¿E que faremos agora? Outra vez sin leite...

XAQUÍN

¿Sabedes de que morreron?

MINGOS

Na gabia da estrada, de dous tiros nas costas.

XAQUÍN

De infarto. Os dous. Certifiquei hai un anaco a súa morte...

ESTRELA

¡Miñas xoias!

XAQUÍN

O Tatexo e mais o Xan de Castro.

ESTRELA

¿O Xan? ¿Non estaba na cadea?

XAQUÍN

Tamén estaba o Lucas, e mais o Farruco, e mais o...

MINGOS

Todos colaboraban cos liberais. Así escarmentarán outros...

ESTRELA

¿Qué dis, meu fillo? Matalos así, sen máis... Ti non gobernas ben. ¿Qué fíxo o Tatego? A ver, di.

XAQUIN

Deixa ao rapaz. Aínda é moi novo... Xa lle explicarei certas cousas...

SABELA

Entrando.

Mataron a Xan de Castro. Oín que o falaban na rúa. Ao Tatego, tamén. Pero ía un pouco velleiro e frouxo. O Xan si que era bo mozo. Alto, forte, Rufo e moi belido. Aínda que lle pingaba un pouco o nariz. Ás veces, facíame as beiras. ¡Xesús, que faces! A min tamén me dá mágoa... Pero hai máis mozos!

MINGOS

¡Bo fervedoiro ten esta...!

SABELA

¡Xa estás ti! Non pode unha abrir a boca.

MINGOS

Para dicir parvadas... ¡Godalleira! ¿Non sabes o que acontece fóra?

SABELA

Ti non es quen para arrepoñerte a min.

ESTRELA

¡Abonda xa! Calade.

XAQUIN

A culpa é túa. Dáslle moitas ás aos teus fillos.

MINGOS

Outras coma min están loitando.

SABELA

Non podo cantar, nin falar, nin...

ESTRELA

¿Calaredes?

MINGOS

A min tédesme aquí coma un...

ESTRELA

¡Non hai quen faga bo deles!

SABELA

¿Que mal fago eu?

MINGOS

Vin moitos. Algúns máis novos ca min.

SABELA

¡Con ir un pouquirrichiño á rúa...!

MINGOS

¿Queredes que fique eu só?

Estrela vólvese cara ao público. Baixa a testa e xeme caladiñamente. Escurece.

SABELA

Pois eu non penso apodrecer, non.

MINGOS

¿Queredes que sexa a vergoña da vila?

SABELA

Xa son unha muller. Seime valer.

MINGOS

¿Gustaríavos?

SABELA

Calquera día fuxo. Estou farta.

MINGOS

¿Queredes que pensen que estou cos liberais?

SABELA

¡Non me podedes privar de todo!

MINGOS

¡Fico eu só, papá, eu só!

Escuro.

II

ESTRELA

Ao público.

Aínda que esta guerra
chegou supetamente,
non se pode dicir
que nos sorprendese.
Había xa tempo
que se estaba tecendo no ar.
Levaban anos e anos
gobernando os conservadores.
Só os ricos e poderosos
podían restar ledos
naqueles tempos
en que vivir non era doado.

Os liberais foron collendo forzas,
e un día
erguéronse para tomar o poder
e rematar coa tiranía dos conservadores.
Dividiuse o país en dúas bandas
e ata que gañen uns ou outros,
ata que se desfaga unha metade,
o remate da loita é sen esperanza.

Polos nosos eidos,
non tiña a guerra
a forza que noutros collera.

Había pólvora e laios,
mortes e fame,
pero pouco
en comparanza cos demais lugares
que logo vin.

E máis que guerra había medo;
máis que loita, carraxes;
máis que mortes, asasinatos.

Levaba tempo camiñando,
atopándome decote
con xentes que fuxían
e con longos cortexos de feridos
que volvían da fronte
na procura de mellores acubillos.

Nunha encrucillada,
atopeime con este vello.

Faleille, nada me dixo.
Olloume fixamente,
sentou no valo
e comezou a botar xuramentos.

Cando acougou,
deume unha cadeiña
cunha medalla de prata.

VELLO

Terma ben dela, muller, non a perdas. Foi do meu pai, herdeina e dinlla ao meu fillo cando o chamaron para loitar. A min de nada me vale xa.

ESTRELA

Aí atrás queda unha fonte. Se quere, pódolle traer unha pouca auga. Viralle ben.

VELLO

Tes bo corazón, muller. Sóubeno ao verte. O meu mal xa non se cura con auga.

ESTRELA

É moi bonita.

VELLO

¡Todo o que me queda dese condenado! Deuma un veciño noso. Viuno todo e colleuna.

ESTRELA

¿Quere que llela leve aos seus?

VELLO

Qudei só na vida. Axiña ficará a medalla coa Virxe do Carme. ¡Se me fixese caso o moi...! Con ela estaba ben protexido. Pero quería morrer o lambón. Nin siquiera pensou no seu pai, que tanto ten feito por el.

ESTRELA

Na guerra, xa se sabe...

VELLO

Se tes un fillo, muller, mellor que o mates ti. Moito mellor...

ESTRELA

¿Que di...?

VELLO

Pegouse un tiro na sen que lle esnaquizou a testa.

ESTRELA
¡Coitadiño!

ESTRELA
Xa non me dixo máis nada,
aínda que non morrera aínda.
Pero seguía ollándome
coma unha cadelinha doente
que tivera o boticario.
Talmente coma a cadelinha.

Entran dous soldados feridos.

ESTRELA
¿Vides da fronte, soldados?

SOLDADO I
Do inferno vimos.

ESTRELA
¿Cadra moi lonxe?

SOLDADO I
Levámolo con nós, muller. Mellor que vaias para a casa.

ESTRELA
Parece que perdeu moito sangue o teu compañeiro.

SOLDADO I
Detrás veñen os morcegos chuchándolla.

ESTRELA
Así non poderá andar por moito tempo.

SOLDADO I
Os poucos carros de bois e camións que hai, úsanos para a munición. ¡Aos homes que nos parta un raio!

ESTRELA
Sacando un pano.
Atareille esa perna. Deixará de sangrar. O meu home é médico. Sei un pouco desto.

SOLDADO II
Gracias, boa muller. Axudarame a morrer na miña casa.

ESTRELA
¡Xesús! Vostede tampouco está moi ben...

SOLDADO I

A min dáme o mesmo morrer no inferno que no camiño.

ESTRELA

¿Non ten a ninguén?

SOLDADO I

¡Catro cachorros e unha lumia tolleita!

ESTRELA

Perdoe...

SOLDADO I

Parirá outro antes de chegar eu. ¡Mal demo a leve! ¡Así adoeza...! Antonte mandeille a bala que me furou as costas. Ao mellor nácelle un mequiño con cu de fusil. Oxalá...

ESTRELA

¡Xesús...! ¡Que Deus lle perdoe! Vostede cuspe moi alto.

SOLDADO I

É o sangue que me entrou nas tripas cando nacín. Unha meiga tiven por parteira.

SOLDADO II

Deixa de esbardallar. Esta boa muller terá máis que facer que aturarte...

SOLDADO I

Ao facerme o nó no embigo, deborcou na miña barrigola.

SOLDADO II

Así non chegaremos nunca. Olla para ese vello... Está nas últimas. Bo sitio escolleu... Imos xa. Non me gusta esto...

SOLDADO I

Xa non alenta. É unha alma en pena que anda na procura de alguén para lle deixar a súa cadea.

Ollando para o lonxe.

Vaia, sempre coidei que os xefes andaban en coches ou en motoras... Imos antes de que nos mordan. Muller, bota unha baila co gran diaño ma meirande caldeira. No inferno hai que bailar sempre. ¡E aturuxar...!

SOLDADO II

Que Deus llo pague, boa muller.

Ao pouco tempo de saír os feridos, entran un capitán e mais un sarxento.

ESTRELA

Perdoen os señores... Aínda que sexa moito preguntar, ¿non irán cara á fronte?

CAPITÁN

Non moi lonxe dela.

Óllaa ben de arriba a abaixo.

¿Quere ir aló?

ESTRELA

Quero.

CAPITÁN

A pé non sei se dará chegado. Podémola levar... Estragóusenos o coche e pasaremos a noite preto de aquí, nunha pequena vila. En canto nolo amañen, seguiremos a viaxe.

ESTRELA

Gracias. Pensei que non atoparía a ninguén que me axudase.

CAPITÁN

Acostumo a facelo. Ben, hai que bulir se non queremos que nos colla a noite no camiño.

ESTRELA

Agarde. Este vello... Atopeino hai un anaco. Está morrendo o pobre... Non se podería...

CAPITÁN

Xa é vello e estamos en guerra.

ESTRELA

Parece sufrir moito.

CAPITÁN

Ten remedio.

Saca a pistola.

ESTRELA

¡Non, non! Por favor, non o faga. ¡É un home...!

CAPITÁN

Pense que é un can doente.

Dispara. Un berro de Estrela case que cobre o estoupido do tiro.

Adiante.

Cóllea polo ombreiro.

Xa se irá afacendo... Non me dixo o seu nome... ¿Ten fame? Non é moi boniteiro ese traxe. Na vila procuraremos outro...

Vanse. Un intre despois, volve Estrela.

ESTRELA

Deixeime levar
por aquel capitán
que de nada coñecía,
pois pensei que quizais
me podería axudar.

Camiñei e camiñei,
mais unha imaxe non deixaba
de facerme compañía:
os olliños do pobre vello,
que aínda despois de morto,
despois de que o Capitán o rematase,
me seguían mirando
coma os da cadelina doente.

Cando chegamos á vila,
xa era noite pecha.

Escuro.

III

SABELA

Vente. Non teñas medo, papón. Non hai ninguén, estou soa.

Fuco, un rapazote con pinta e acenos de parvo, entra moi medoñento.

FUCO

¿Que me queres?

SABELA

Falarche, ho, falarche. ¡Que escazurrado!

FUCO

Sempre te ris de min.

SABELA

¿Eu? ¡Ti desvarías...!

FUCO

Coma todo. Fas igualiño cós demais.

SABELA

Anda, non sexas parrulo. ¿Gústache o biscoito?

FUCO

Gustará. ¡Xa hai que non o proba...!

SABELA

Heiche dar un cacho... Quero ser a túa amiga.

FUCO

Quererás.

SABELA

Abofé. ¿E as laranxas?

FUCO

Xa non sei a que saben.

¡Mellor có mel...!

Achegándosele.

Fuco arrédase.

¿Seica me tes medo? ¡Que vergoña para un home coma ti!

FUCO

Non, medo non. Os teus ollos... alumean. Ti buscas algo.

SABELA

¿Que vou buscar, ho? ¡Ai, case non fican homes nesta vila... Estou enfasiada!
¿Logo, non queres estar comigo?

FUCO

Querer, quero. Pero non sei... ¿E darasme biscoito?

SABELA

Darei, Fuquiño, darei, se es bo... e guieiro.

FUCO

¡Como non hai outro en toda a redonda!

SABELA

Se somos amigos non me podes ter medo.

FUCO

Segundo a que lle chames ti medo.

SABELA

¡Boh, ti es parvo!

Fuco baixa a testa afunicado e fai acenos de botarse fóra.

Agarda, Fuquiño, non te enrabeches... Só foi unha brincadeira...

FUCO

Non me volvas chamar así.

SABELA

Non, meu rei, non. ¿Somos amigos, logo?

FUCO

Somos.

SABELA

Así me gusta... ¿Que tes nese ollo?

FUCO

¿En cal?

SABELA

Parece un lixo... Deixa ver...

Antes de que Fuco se dea conta, ela xa o está bicando nos beizos. El, cando pode, arrédase.

SABELA

¿Nunca te bicara unha moza?

FUCO
Non...

SABELA

Alumiñándoo.

Gústache, ¿non si?

FUCO
Aínda non o sei...

SABELA
Pois proba, ho, proba outra vez...

Bícao. El déixase. Supetamente, aprétaa con forza. Agora é Sabela a que o afasta.

¿Que me dis, Fuquiño?

Fuco bota unha gargallada forte, rouca. Empeza a apalpala areloso. Sabeliña ri e vaise arredando del, para correr logo para a outra banda. Fuco está avergoñado, sen saber que facer.

Corre, vente... ¡A ver se me pillas...!

Fuco sorrí e bota a correr detrás dela.

Escuro

IV

Xaquín cun home lourido e estraño.

XAQUÍN

Sabedes abondo que estou con vós.

HOME

¡Calquera o diría...!

XAQUÍN

Non podo andar ás agachadas. Xa o sabedes.

HOME

É moi importante para a loita. Moitos perderon a súa vida. Pouco che pedimos, en comparanza.

XAQUÍN

Máis do que podo.

HOME

Os conservadores lévannos a dianteira. Non podemos desaproveitar nada. ¿Ou tes medo?

XAQUÍN

¿Quen non o ten?

HOME

Pois hai que mordelo. Así non se vai a ningures.

Silencio.

XAQUÍN

Pensareino.

HOME

Agardo que non recúes.

XAQUÍN

Verei o que está nas miñas mans...

Escuro.

V

Entra Xaquín. E naquel intre, pola outra banda, Sabela e mais Fuco. Sabela vén cantando; Fuco, comendo biscoito. Sabela, ao ver a seu pai, queda tranquila e calada. Silencio tenso.

XAQUÍN

Lisca para o teu cuarto. Xa falaremos.

Sabela vaise.

E ti, Fuco, achégate acó.

Fuco non se move.

¡Achégate!

Vai a modiño.

¿Que faciades?

Fuco encóllese de ombreiros.

¿Non tes lingua?

FUCO

Sabeliña deume un anaco de biscoito.

XAQUÍN

Xa vexo. Podes comelo, non cho privo.

FUCO

Non, señor...

Segue comendo.

XAQUÍN

¿Está bo?

FUCO

Está, señor, está. Moi bo.

XAQUÍN

¿Gústache a Sabeliña, non si?

FUCO

É moi boa. Deume biscoito e mañá darame laranxas.

XAQUÍN
¿E ti?

FUCO
¿Que, don Xaquín?

XAQUÍN
¿Que andas facendo?

FUCO
Pois... Agora... agora vou ir á misa. Alí vai frescor.

XAQUÍN
Ten boas pernas, ¿non si?

FUCO
Non sei se debo dicilo, don Xaquín.

XAQUÍN
Pódelo dicir.

FUCO
Ten, si señor. Moi boas. Como non as hai en toda a redonda.

XAQUÍN
¿Quen cho dixo?

FUCO
Vino eu. Ou tamén pensa que son parvo. Teño ollos... Ben, tamén o dicía moito o Xan de Castro, que Deus perdoe...

XAQUÍN
Xa...

Silencio.

A ti sempre che gustaron moito os chisqueiros, non?

FUCO
Sempre.

XAQUÍN
¿E non tes ningún?

FUCO
Aínda non, pero miña nai hame mercar un. Díxomo.

XAQUÍN
¿Ves o meu? Para ti. Doucho. Anda, cólleo. Non teñas vergoña.

FUCO
Non é vergoña.

XAQUÍN
Olla que ben acende.

FUCO
¿E vostede...?

XAQUÍN
Non o preciso. Teño máis. Cólleo.

Fuco cólleo. Ponse moi ledto.

¿Gústache?

FUCO
Moito, moito.

XAQUÍN
¿Máis que o biscoito?

FUCO
Máis, moito máis.

XAQUÍN
Bicáchela, ¿non si, Fuquiño?

Fuco queda paralizado.

Dimo a min... Non llo direi a ninguén. Anda, dimo... ¿Bicáchela...?

FUCO
Se cadra...

XAQUÍN
¿Onde, onde? ¿Na faciana...? ¿Nos beizos, nas pernas...? ¿Nos peitos...? Dimo...
Ninguén o saberá. Deixareite vir outros días... ¡Ti tampouco llo dirás a ninguén! Garda
o chisqueiro agora... Anda, ven para o meu despacho... Contarasmto todo alí.

Fuco déixase levar.

Un anaco despois, entre Estrela.

ESTRELA
¡Sabela, Sabeliña! ¿Onde estás, Sabela?

SABELA

Dentro.

Mande.
ESTRELA
Ven acó, anda.

Entra Sabela.

SABELA
Mande.

ESTRELA
¿Veu teu pai?

Sabela cala.

¿Non oes? Pregúntoche se veu teu pai.

SABELA
Non.

ESTRELA
¿Onde estará logo? Hai unha urxencia. Mandouno chamar o xuíz. ¿E o Míngos?
¿Onde vai o Míngos?

SABELA
Non sei.

ESTRELA
¡Ai, Xesús, Xesús...!

Escuro.

VI

Fortes gargalladas do Capitán e mais do Sarxento.

CAPITÁN

¡Disque tiñan sono...!

SARXENTO

¡Que eran vellos!

CAPITÁN

A xogar co pedrechosco á estornela. ¡Hai boa lúa!

SABELA

Non facía falla botalos fóra. A casa é grande. E senón hai moitas máis... E baleiras.

CAPITÁN

Vostede é unha señora. Eu sempre lle ofrezco o mellor ás donas.

ESTRELA

Gracias... Pero non me agrada este xeito.

CAPITÁN

¿Non quererás corrixirme?

ESTRELA

A min valíame calquera curruncho.

CAPITÁN

Véselle ás leguas que está afeitada á boa mesa, bos traxes e mellor cama.

Ao Sarxento.

A ver se nos fas unha boa cea. E trae un traxe de noite para a señora. E champaña, aínda que teñas que ir por el ao pazo do bispo.

SARXENTO

Pídelle moito a un sarxento.

CAPITÁN

Cearemos coma reis.

ESTRELA

Non fai falta tanto pipirete.

CAPITÁN

Déixame a min. Veña. E volve axiña. A señora debe ter fame.

SARXENTO

Á orde de vostede.

Vaise.

ESTRELA

¿Sempre cea así?

CAPITÁN

Cando cómpre. Non sempre se atopa un cunha señora por estas corredoiras...

ESTRELA

Será máis levadeira a loita... Se estivese na fronte...

CAPITÁN

Hai loitas e loitas. Ás veces, a guerra gáñase na retagarda.

ESTRELA

É posible... É mellor con champaña, ¿non si?

CAPITÁN

Tamén axuda.

ESTRELA

¿Se fai esto cunha señora, que será cando atopa unha mociña!

CAPITÁN

Depende... Cada cousa para o que é. A froita verde case sempre derrama os dentes...

ESTRELA

E a podre estarrece.

CAPITÁN

A chegada ten máis azucre.

ESTRELA

¡Terá!

CAPITÁN

Aquí hai unha botella.

Empeza a abrila.

Cunha copa na man, fálase mellor... Pouco sei de vostede...

ESTRELA

O preciso.

CAPITÁN

Non me trata moi ben.

ESTRELA

Coma a calquera.

CAPITÁN

Por eso. ¡Non son calquera! Máis do que pensa. ¡Moito máis! Podería axudala. Algo lle pasará a unha muller que quere ir á fronte...

ESTRELA

Atinou.

CAPITÁN

Sempre atino. É moi importante no meu traballo.

Bótalle viño.

Teña.

ESTRELA

Nunca bebo.

CAPITÁN

Obrigádoa.

Hoxe, si.

Ela colle a copa. El sérvese tamén. Beben.

Bo viño, ¿non lle parece? Vivía ben eses condenados de vellos.

ESTRELA

Deus saberá o que lles custou gañalo. ¿E vostedes non loitan por defender aos ricos?

CAPITÁN

Son os ricos os que nos apoian a nós. Porque lles convén. Vostede é rica, debe sabelo...

ESTRELA

Non entendo destas cousas...

CAPITÁN

Hai unha leis, un goberno... Nós defendémolo. ¿Outra copiña? O demo do sarxento xa tiña que estar aquí. ¿Boto?

ESTRELA

Bote logo.

CAPITÁN

Vou ter que ir buscalo.

ESTRELA

Vaia.

CAPITÁN

Teño medo de que fuxa a ruliña. Non quero pasar a noite na súa procura.

ESTRELA

Non hai razón para iso.

CAPITÁN

Pois coidei que estaba de morros comigo.

ESTRELA

Tampouco sería de estrañar.

CAPITÁN

¡Si que sería! Ata agora, ningunha me voou.

ESTRELA

Tivo sorte.

CAPITÁN

Todas fican ledas de min. E supoño que non será só polo uniforme...

ESTRELA

¡Moi fachendoso se está poñendo...!

CAPITÁN

Poderao comprobar.

ESTRELA

Non penso. ¿Ou vaime forzar?

CAPITÁN

Nunca o fixen. Non me fai falla. Nin me gusta... Como tampouco me gusta que se guinden diante de min suplicándome un agarimo. Quédome coas que terman unha miga. Prestan mellor. E máis aínda as señoras... Coa súa roupiña de dentro... O viso... o xustillo... Brancos... limpos... O seu cheiro xa fai adoecer a un.

ESTRELA

¡Ben afiado ten o bico...!

CAPITÁN

Só cando arrecende...

SARXENTO

Entrando.

Aínda encontrei ben cousas. Espertei moita xente, pero...

CAPITÁN

Non se che esquecería o traxe.

SARXENTO

Nin a champaña.

CAPITÁN

Ascendereite. Gañáchelo ben.

SARXENTO

Moitas gracias, señor.

CAPITÁN

Vai arranxándoo todo. ¡Esta vai ser sonada!

Escuro.

VII

ESTRELA

A Xaquín.

E ti... Non sei... Ten máis tento... ¡Vas amalarte tamén!

SABELA

¿E logo a quen chamaremos, papá?

XAQUÍN

¡Teño que ir...! ¡Que máis quixera eu!

ESTRELA

Terás, terás... Facendo o parvo, coma sempre. Quéreslles acudir a todos e... ¿Que culpa tes ti? Así rematas sempre baldado! ¡Que traian outro médico! E os soldados que se arranxen eles. Ti non es militar.

MINGOS

¡Que dis, mamá!

ESTRELA

¡O que oes!

MINGOS

A quen lle hai que acudir primeiro é aos soldados.

ESTRELA

Que traian un médico para eles.

MINGOS

Fan falla moitos médicos nas guerras.

SABELA

Case é noite. Agora estarase ben ao frequiño...

ESTRELA

Pero teu pai non ten por qué traballar por catro.

XAQUÍN

Calade con eso. Teño que facelo e namais. Eu estou ás súas ordes. Son militar en certo xeito.

SABELA

¿E como non che dan uniforme? Gustaríame verte. Camparías moito.

XAQUÍN

Xa o teño, Sabeliña: unha chabrea branca.

SABELA

Eu digo dos outros. Ese dáme noxo...

ESTRELA

Dará. ¡Ti...! Estámosche ben contigo, estamos!

SABELA

¿Que foi? ¡Xesús! Unha vai ter que pechar para sempre a boca.

ESTRELA

Mellor sería.

MINGOS

Eu podería axudarche... Seica mañá chegan máis feridos.

A seu pai.

ESTRELA

¡Outro...! Ti non tes nada que ir buscar... ¡Aínda es un rapazolo!

XAQUÍN

Non os deixas rebulir...

ESTRELA

A que teño que aturalos todo o día son eu.

SABELA

Non che fago mal.

MINGOS

¿Pensas que somos uns nenos aínda?

ESTRELA

Penso o que sodes.

MINGOS

¿Pensas que non vallo para nada?

XAQUÍN

Non lle fales así a túa nai, Mingos.

ESTRELA

¡Cos traballos que unha pasa!

MINGOS

Se hai guerra será por algo... ¡Veu porque faría falla!

XAQUÍN

¿Para que?

MINGOS

Foron os liberais os que comezaron.

XAQUÍN

Os liberais non querían a guerra.

SABELA

Eu tampouco. Non hai lambetadas e é moi aburrido.

XAQUÍN

Os liberais só querían cambiar as cousas...

MINGOS

¿O que? ¿Quen son eles para eso?

XAQUÍN

Ben, ben... Aínda es moi novo. Xa falaremos...

MINGOS

Non falaremos máis. Xa está todo dito. Mañá irei alistarme.

ESTRELA

¡Non, eso non!

Nun berro.

XAQUÍN

¡Ti non vas a ningures!

MINGOS

¿Quen mo vai privar?

XAQUÍN

¡Eu!

ESTRELA

Non, meu fillo, non. Non fagas eso.

XAQUÍN

¡Prívocho eu!

MINGOS

¡Verémolo!

XAQUÍN

¡Dígoche que non, e non!

MINGOS

Eu ben sei o que teño que facer.

XAQUÍN

¡Non me tires do xenio!

MINGOS

E non coma outros...

ESTRELA

Minguíños, fai o que che din. ¿Queres ser a nosa ruína?

MINGOS

Coma outros que axudan ás agachadas aos liberais. ¿Pensas que non o sei?

XAQUÍN

¡Cala!

MINGOS

¡Estou moi ledo de ter un pai liberal! ¿Dígollo, dígollo tamén? Agradeceríanmo moito...

XAQUÍN

¡Estás nun erro!

MINGOS

¿Ai, si? Sei máis do que pensas...

XAQUÍN

Ti non sabes nada, ¿entendes? ¡Nada!

MINGOS

¿Non? Se non fose porque me dá vergoña... ¡Moita vergoña! E noxo. ¡De ti!
¡Noxo e vergoña!

ESTRELA

¿Calarás?

SABELA

¡Toleou!

MINGOS

E ademais co Fuquiño...

Estrela botouse a chorar.

SABELA

Non te metas co Fuquiño. Non tes dereito.

MINGOS

¡Que familia...! ¡Estou orgulloso...!

SABELA

¿Ves o que fixeches? Mamá está chorando.

MINGOS

Ti tamén es boa moza.

SABELA

¿Que che fixen eu?

MINGOS

¡Porca! ¡Goldracha! ¡Baldreu, es un baldreu!

XAQUÍN

¡Fóra! ¡Fóra...! ¡Fóra!

Mingos vaise paseniñamente. Sabela chora tamén. E seu pai ficou alporizado, tremendo coa rabia. Escurece.

ESTRELA

Algún tempo despois,
marchei eu na súa procura.
Xa non podía vivir naquela vila,
naquela casa...
¡Sempre cos ollos pechos,
sen me atrever a ollar a ninguén á cara...!
Boteime polos camiños,
coa esperanza
de poder atopar ao meu fillo,
de convencelo
e de poder volvelo á casa...
Percorrín xefaturas militares
para saber o seu paradoiro
e, como agardaba,
tiven que dirixirme
a lonxanas terras,
onde a loita era máis forte.
Nun velleiro tren de terceira
fixen a primeira parte da viaxe.
Logo xa non foi tan doado:
algún camiión, un que outro carro...
e a pé a maioría das veces.

Escuro.

VIII

Xaquín e mais Fuco, nun lugar estraño. Xaquín dálle un paquete ao rapazolo.

XAQUÍN

E déixalo alí... Despois foxes, correndo canto poidas.

FUCO

¡Pero así non verei as luceciñas de cores!

XAQUÍN

Verás, Fuquiño, verás... cando estas lonxe...

FUCO

¿E serán tan boniteiras coma as dos foguetes que botan pola festa?

XAQUÍN

¡Máis aínda...! Pero que non o saiba ninguén.

FUCO

Non... ¿E se mo preguntan...?

XAQUÍN

¡Inda que cho pregunten! Ti non sabes nada.

FUCO

Non, señor...

XAQUÍN

¡Eu non che deixaría botar máis...! É un segredo entre ti e mais eu...

FUCO

¡É, señor, é!

XAQUÍN

Pois veña, bule. E non esquezas que de lonxe vense mellor.

FUCO

Non, señor. E non sería mellor que lle puxese lume co chisqueiro que me deu vostede?

XAQUÍN

Non, Fuquiño, non... Fai como che dixen.

FUCO

Farei, señor Xaquín, farei...

Fuco comeza o mutis. Logo, para.

FUCO

¿Estoupará moito...?

XAQUÍN

Máis que os foguetes, Fuquiño, máis...

FUCO

Rindo.

¡Nunca tiven tan bo brinquedo...!

Sae correndo. Xaquín fica un momento pensativo. Fai acenos de saír e, naquel instante, óese un grandísimo estoupido. Xaquín parálzase. Logo cobre a faciana coas mans.

Escuro.

IX

O Capitán corre detrás de Estrela. Os dous están peneques. Ela ten posto o traxe de noite.

CAPITÁN

¿Onde se mete a miña ruliña? ¿Non ten un agarimo para este pobre capitán?

ESTRELA

Moita presa ten ese Capitán.

CAPITÁN

Voa tan alto que me confunde.

ESTRELA

Gústalle ir polo ceo.

CAPITÁN

O ceo che darei, miña ruliña. ¡Todo para ti!

ESTRELA

É pouco.

CAPITÁN

Coa lúa e mais o sol. Por un bico.

ESTRELA

Quero máis.

CAPITÁN

Máis dúas estrelañas brancas.

ESTRELA

Máis aínda.

CAPITÁN

Máis catro douradas.

ESTRELA

¿E que máis?

CAPITÁN

Máis unha velliña facendo as papas.

ESTRELA

¡Boa cousa para unha señora!

CAPITÁN

¡Unha señora que quere e non dá, que quere e non deixa!

ESTRELA

¡Unha señora rula!

CAPITÁN

Con pico de ouro e rabo de merlo.

ESTRELA

Plumas brancas, verdes e amarelas. Arrecenden a mel e a flor de romeu.

CAPITÁN

¡Que ledicia! ¡Quero, quero, quero...!

ESTRELA

¿E ti que me das?

CAPITÁN

Dareiche... un pinchagato para adiante e para atrás.

ESTRELA

Pouco é. ¡Máis!

CAPITÁN

Dous furabolos con xenio de tolos.

ESTRELA

Quero máis.

CAPITÁN

¡E trinta feixes de cóchegas!

ESTRELA

¿E que máis?

CAPITÁN

E máis un corno de boi.

ESTRELA

¡Xesús!

Detense.

¿Para unha señora?

CAPITÁN

Colléndoa.

¿Será moito? ¿Non o será?

ESTRELA

¡Que xeitos cunha dona!

CAPITÁN

¡Unha ruliña! ¿E ela que da?

ESTRELA

Catro plumiñas e un chascarraschás.

CAPITÁN

A ruliña enteira quero.

Apértaa.

ESTRELA

Moi bébedo está o Capitán.

CAPITÁN

É cando mellor lle presta.

Bicádoa.

ESTRELA

A rula quere ser ceibe.

Arredándose un pouco.

CAPITÁN

Ceibe será.

Volve bicala.

ESTRELA

A un prezo moi alto.

CAPITÁN

A un prezo xusto.

O Capitán empeza a apalpala. Ela déixase.

O Capitán é un home e a ruliña unha muller. Os que beberon a champaña.

ESTRELA

¡Vaia bebedizo!

CAPITÁN

¡A rula é unha muller...!

ESTRELA

Mellor que fose paxaro...

Apértao paseniñamente; despois, con forza.

Escuro.

X

Entran tres soldados e agáchanse detrás dunha toxeira. Un deles é Mingos.

SOLDADO III

Agora hai que ir con máis tento.

MINGOS

Xa. ¿Non imos poucos?

SOLDADO IV

Depende.

MINGOS

Tiñamos que avanzar todos. Só así recuarían.

SOLDADO III

Primeiro hai que coñecer ben o terreo.

SOLDADO IV

Axexar...

MINGOS

Estou farto de agardar. Xa levo dous meses e aínda non disparei un tiro.

SOLDADO IV

Tempo terás.

SOLDADO III

¿Tedes un pito?

SOLDADO IV

Teño eu. ¡Diola! Fican poucos.

MINGOS

¿Que facedes? Acó non se pode fumar. ¡Vannos descubrir ao acender!

SOLDADO IV

¡Parvadas...!

SOLDADO III

A guerra hai que levala a modiño, rapaz. E ter conta do peleslo...!

MINGOS

Cala. ¡Alí móvese algo...!

SOLDADO III

Agarda. Non tires.

MINGOS

¡Hai alguén!

SOLDADO III

¡Non te movas! Iremos ver... Vaite por esa banda, Xan. Non tires, rapaz; agarda aquí.

Vanse. Mingos está moi inquedo. Case dispara. Axiña volven os outros dous soldados rindo.

MINGOS

¿Que foi? Falade, ¿que era?

SOLDADO IV

A ver si acertas...

SOLDADO III

¡Un xefe liberal!

MINGOS

¡Deixádevos de caralladas!

SOLDADO IV

¿Teslle medo a un can de palleiro?

Rin.

MINGOS

Tomádelo todo a troula.

SOLDADO IV

Xa te irás afacendo. Hai guerra para tempo a tempo.

MINGOS

Convén rematala axiña.

SOLDADO III

E gañala, ¿non si?

MINGOS

¡Caralláns...! Non sei como viñestes loitar...

SOLDADO IV

Pola forza, rapaz. ¿Ou pensas que todos somos valentes coma ti?

MINGOS

Xa o vexo. ¡Tanto vos dá!

SOLDADO IV

¿Sobrou queixo do de onte?

SOLDADO III

Un anaco. ¿Metémoslle o dente?

SOLDADO IV

Antes de que baloreza.

MINGOS

Non podemos perder máis tempo.

SOLDADO III

Agarda, ho. Este rapaz non acouga.

SOLDADO IV

Vai gañar el só a guerra.

SOLDADO III

Vai. ¿Ti queres, rapaz?

MINGOS

Eu voume.

SOLDADO IV

¡Está bo, carallo!

SOLDADO III

Gorentoso. Que ben gardadiño o tiña a vella.

SOLDADO IV

E non facía máis que dicir que naquela casa só había pan de broa e verzas para o cochiño.

SOLDADO III

¡Boa peza a vella! ¿Logo non queres un anaco?

MINGOS

¡Non faledes tan alto que nos van oír!

SOLDADO IV

Tes razón. O cheiro do queixo toléaos.

SOLDADO III

Terán fame, miñas xoias. Non é de estrañar. Temos que acabalo antes de que cheguen. Eles que vaian polas verzas.

Rin os dous.

SOLDADO IV

¡E non lle dixemos á vella que nos gardase uns poucos roxóns! Xa logo será a mata.

SOLDADO III

O peor é que non temos viño.

SOLDADO IV

¡Non me amoles, ho! Xa me esquecera...

SOLDADO III

Aínda xogo ben que o tiña a vella.

SOLDADO IV

¡Condenada! Será para o marrán.

SOLDADO III

Os liberáis terano a moreas. Disque o outro día llo trocaron a un dos nosos por tabaco.

SOLDADO IV

Tamén o oín.

MINGOS

¡A eses había que fusilalos! Cos liberáis non se anda en trato!

SOLDADO III

Disque os liberáis úsano para engraxar os fusís.

SOLDADO IV

E mais os canóns.

SOLDADO III

Só os xefes mollar a gorxa.

MINGOS

Abonda de lerias. ¿Imos ou que?

SOLDADO III

¡A este férvelle!

SOLDADO IV

Abofé.

MINGOS

Pois vou eu só. Non preciso trosmas.

SOLDADO III

¡A modo, rapaz!

SOLDADO IV

Non os mates a todos. Deixa algún para nós.

Rin os dous.

VOZ

¡Que ninguén se mova! Estadades arrodeados. Erguédevos pouco a pouco, sen lle tocar ás armas. Vide cara acó. A modo... a modiño...

Fan o que lles din e vanse de escena. De alí a un anaquiño, entra Mingos correndo. Tiros. Cae morto.

Escuro.

XI

Sabela toca a fruta. Chega Xaquín.

SABELA

O meu pai estará canso... Xa sabe que a súa Sabeliña quere coidar coma sempre.

XAQUÍN

Sei, sei...

SABELA

Sempre será pouco todo o que faga...

Bótase a chorar.

XAQUÍN

¿Que ten a miña nena?

SABELA

Nada, nada... Cousas... ¡Parvadas!

XAQUÍN

Non se chora por parvadas.

SABELA

Eu, si. Fágoo sempre.

XAQUÍN

Farás.

Silencio. Ela deixa de chorar.

SABELA

¿Non é certo, meu pai?

XAQUÍN

¿O que?

SABELA

Está a volver o Albino de Souto. ¿Lémbraste del? ¡Que guapísimo é! Ten uns ollos verdes que dá o xenio do mundo verllos, e o pelo roxo, roxo... Rufo, forte, circio... Cunha cariña que parece de cera. Pois saberás que me pedi que casara con el. E que lle dixen que xa veríamos, que llo tiña que preguntar a meu pai. Pero díxenlle que si coa ollada... Casaremos para maio. ¡Se soubeses que leda estou! Co meu traxe de noiva, o meu ramo de flores... E o Albino co seu uniforme. ¡Mesmo parecerá un rei! E a misa será cantada, con moitos cregos. Virán os de todas as freguesías do país. E moita xente,

moita... Toda cantando. E con música, con música leda, rebulidoira, para facer despois o meirande baile que se lembre. Será o mellor casorio de todos. Un xantar con moito condumio, viño abondo, moreas de lambetadas... E teremos moitos fillos... E ti, moi ledos... E a mamá. E o Minguíños... O Minguíños, tamén de uniforme. Con oito medallas no peito que terá gañadas. E a mamá moi fachendosa. Todos. Todos moi ledos. Soará o órgano, repinicarán as campás... Os mozos aturuxarán... ¡Vaia troula! Teremos moitos, moitísimos fillos e a felicidade non caberá en todo o mar. Dareille un bico ao Albino... diante de toda a xente. Para que rabeen. E despois a vós...

Xeme baixiño.

A ti, a madre, a Míngos... Ao Míngos, si, ao Míngos! Ao Míngos, ao Míngos, ao Míngos, ao Míngos... E ao Albino. Non é certo, non, non é. Non pode ser. ¡Non, non, non, e non! son uns mentireiros. Non hai quen poda con eles. É moito Albino! E o Míngos non foxe endexamais. ¡Non e non! Nin con catro nin con vinte tiros... Non, non, non... ¡E o Fuquiño no ceo...!

XAQUÍN

Fora de si.

¿Queres ter un fillo, Estreliña? ¿Queres? Faracho o teu Xaquín. Dimo, anda, dimo. ¿Querelo?

SABELA

¡E non o vou querer, Albino! ¡Non o vou querer! Agora xa estamos casados...

XAQUÍN

¿Teremos moitos logo?

SABELA

Moitísimos.

XAQUÍN

Serán fermosos.

SABELA

Fermosos e gordiños.

XAQUÍN

Fortes e valentes.

SABELA

Coma as ondas do mar.

XAQUÍN

Coma o sol de xullo.

SABELA

Canta.

Ai, o meu meniño,
aí, o meu amor,
chora a cotío
coma un reiseñor.

XAQUÍN

¿Onde tes as cóchegas, meu tesouro?

SABELA

Todo arredor, coma unha canaveira. Dende a gorxa ata os xeonllos.

XAQUÍN

¿Quen chas vai atopar, quen, miña toupa?

SABELA

Ai, un namorado con xeitos de galo.

Silencio. Sabela canta moi baixiño. Logo xoga cun imaxinario neno.

SABELA

Casei cun forte soldado
que coñecín neste encerro
para que loite por manterme
cun longo fusil de ferro.

Gústame que loite,
gústame a min ben;
pola lei e a orde
e por nós tamén.

Xa pasou o tempo,
chegou o cuquiño;
a nosa Sabela
vai ter un neniño.

E cando a guerra remate,
cun vestidiño novo
agardareino na ponte,
e o noso fillo no colo.

Ai, o meu meniño,
ai, o meu amor,
chora a cotío
coma un reiseñor.
Ai, o meu meniño,
ai, o meu amor.
Ai, o meu meniño...

Xaquín-neno brinca polo escenario. Sabela axéxao, logo corríxeo ou bérralle.

SABELA

Non fagas eso, meu meniño. Pódeste magoar. Si, meu corazón, si.
Vai xogar coa aboa, anda. Xa verás como ten unha lambetada para ti. Corre,
corre...

Non ves que te manchas? ¡Xa che dixen mil veces...! Xesús, Xesús... ¡Que traballos...! ¡Que castigo!
¡Vasme romper eso! ¡Fora de aí...! ¡Lambón! ¡Para onda teu pai, que te ature el!
Veña...
¡Que condenado! Mesmo parece o demo. ¡Tan boíño como era...! ¡Heille de dicir á mestra que che zoupe ben! ¡Hei, hei! ¡Non hai quen faga bo de ti...!
¡Que non te vexa eu tirando outra vez pedras...!
¡Fai o que che din, neno! Vas levar no cu.
Como volvas facer eso, levas unha labazada.
Non comas desa froita. ¿Non ves que está podre?
Acó non podes estar. Veña, para fóra...!
¡Non bebas eso! ¿Non che dixen...? Xa te ensinarei eu, xa! ¡Veña, para a cama!
A ver se durmindo acougas. ¡Non tes paraxe...! ¿Sabes a hora que é? Díxenche moitas veces que non chegues tarde. Outro día non vas. Non, e non.

XAQUÍN
Si.

SABELA
¡Non!
Que non te volva ver con eses rillotes, ¿entendes? ¡Veña a estudar! Fai algo...
Ben, está ben. Hoxe é festa e hai que divertirse...
Estudia, estudia moito se queres ser un home. Olla para teu pai.
Fas ben. Es mozo... Pero que non o saiba teu pai...
Non volvas tarde. E ten tino. Hai moitas mulleres malas...
¡Este rapaz...! Vasme acabar cos cartos.
Ben, pero non te vaias vezar...

XAQUÍN
Mamá.

SABELA
¿Que?

XAQUÍN
¿Como é a guerra?

SABELA
Unha cousa moi mala, filliño. ¡Moi mal! Ten conta. Ten moita conta. E non bebas.

XAQUÍN
Mamá.

SABELA
¿Que queres?

XAQUÍN
Ir á guerra.

SABELA
¡Non!

XAQUÍN
Pois vou. Vou agora mesmo. Adeus.

SABELA
¡Non, non, non!

Corre onda el. Apértao.

¡Non, meu filliño...! ¡Non!

Escuro.

XII

**O Capitán e mais Estrela. Están apertados do mesmo xeito que Sabela e Xaquín.
Rin os dous.**

CAPITÁN

Quédanos pouco tempo...

ESTRELA

Agarimosamente.

¡Cala...!

CAPITÁN

¡Volverei por ti!

ESTRELA

Non... Non pode ser...

Danse unha aperta máis forte. Aos poucos, Estrela arrédase e fálalle ao público.

Fiquei co Capitán
máis tempo,
moito máis
do que agardaba.

Unha estraña forza
empuxoume a seguir con el
e, xa que logo,
a esquecerme dos meus,
do meu fillo
principalmente.

Daquela,
o Capitán tiña que cumprir
unha secreta misión
lonxe de alí,
e eu decidín seguir cara á fronte,
sempre na procura do meu Mingos.

Volve onda ao Capitán.

¿Que facemos mentres?

CAPITÁN

Xogar á brisca... ou deitarnos.

ESTRELA

¡Pavero...!

CAPITÁN

Foron uns bos días, ¿non si, ruliña?

ESTRELA

Foron, Capitán.

CAPITÁN

Volverémonos ver...

ESTRELA

Non...

CAPITÁN

Non queres.

ESTRELA

Non podo. Teño... Teño home...

CAPITÁN

Non debía cumprir moi ben...

ESTRELA

Coma un reloxo. ¿Por que o dis?

CAPITÁN

Pareceumo. Precisabas... agarimo...

ESTRELA

Pois erras. Se o dis porque fiquei contigo, has de saber que non me atopaba eu ben daquela...

CAPITÁN

¡Quen o diría...! ¡Co traballo que me custou engaiolarte!

ESTRELA

¡Máis me custou a min...!

CAPITÁN

¿E non estás leda?

ESTRELA

Tampouco estou tristeira.

CAPITÁN

Non terás queixa de min...

ESTRELA

Penso no meu fillo... ¿Coidas que falándolles de ti...?

CAPITÁN

Non terás atrancos. Axudaranche. Moitos son amigos meus. Atoparalo.

ESTRELA

¡Oxalá...!

CAPITÁN

Por certo, pouco me falaches del...

ESTRELA

É un meniño aínda.

CAPITÁN

Os nenos tamén axudan a gañar a guerra.

ESTRELA

Pero... pero non é moi listeiro o pobre... Fuxiu. Cando nos demos conta, xa... xa estaba na fronte... Soubémolo por un veciño...

CAPITÁN

Xa...

ESTRELA

E o meu home... non ten boa saúde, ¿sabes? Hai que coidalo. Está un pouco tolleito... E tamén padece da vista...

CAPITÁN

¡Non será un liberal!

ESTRELA

Non, non... ¿Por que o dis?

CAPITÁN

Os amalados chéiranme... ¿E se fose...?

ESTRELA

¿Que?

CAPITÁN

Sendo quen é, eu...

ESTRELA

Non é que sexa liberal, pero tampouco lle chistan os conservadores... Xúrame que nada lle farías!

CAPITÁN

¡Son un cabaleiro! ¿E non tes máis fillos?

ESTRELA

Unha... unha meniña, moi pequecha aínda... ¡Oito anos...!

CAPITÁN

¿Ti debes de ser de Vilariño, non?

ESTRELA

Non... de Pontevella.

CAPITÁN

Pontevella fica cara aló, e ti...

ESTRELA

Perdinme... e tiven que dar volta...

CAPITÁN

Non che gusta moito falar desto...

ESTRELA

Lémbrome dos meus... E estou aquí...

CAPITÁN

¡Na gloria...!

Beliscádoa.

Sabía a ruliña que ten boas pernas?

ESTRELA

Arredándose.

¡Ai, ai! ¡Non empeces...!

Escuro.

XII

XAQUÍN

É moi arriscado.

HOME

Tes que facelo. Xa non fica ninguén na vila.

XAQUÍN

Non podo... ¡Teño unha filla!

HOME

A guerra depende diso.

XAQUÍN

Coma sempre.

HOME

Mais... Sábelo coma min.

XAQUÍN

Pensareino...

HOME

Non hai tempo.

XAQUÍN

¿Estasme obrigando?

HOME

Non quixera. Está en xogo a vida de moita xente.

XAQUÍN

Esta é unha vila pequena... axiña se saberá...

HOME

Hai que traballar ben... non quero outro erro. O do parvo ese, o Fuco...

XAQUÍN

As ordes... calquera as dá... O peor... ¡Eu non o vexo tan doado!

HOME

¿Que dis logo?

XAQUÍN

Se non podo escoller...

HOME

Mañá. Ás doce, no adro. Agardarante dous. O demais xa o sabes. Sorte.

XAQUÍN

Fará falla.

O home vaise. Entra Sabela.

SABELA

¿Quen era?

XAQUÍN

Un amigo... Un amigo da mocidade.

SABELA

¡Tiña unha face...! Coma se nunca estivera ao raiolo...

XAQUÍN

Non lle gusta o sol.

SABELA

Pois enfermará. E eu tamén. Fai moita falla o sol... ¿E onde andará mamá? Ao mellor aínda non sabe o do Mingos.

XAQUÍN

Tempo terá...

SABELA

¿E eu non tería que poñer loito?

XAQUÍN

Cando saias fóra.

SABELA

Os homes sempre saídes gañando. Un botonciño e xa está. Pero as mulleres, todo de negro. Todo... ¿A roupiña de dentro tamén, papá?

XAQUÍN

Non fai falla. Non se ve.

SABELA

Ao mellor un día, aínda que unha non queira...

Supetamente, entran o Capitán e mais o Sarxento. Póñense a uliscar pola casa. Logo silencio.

XAQUÍN

Non teñen dereito...

CAPITÁN

¡Chissss...!

Nesta escena falará sempre con voz monótona, sen subila xamais.

Hai un anaco estivo aquí o Lagorcio...

XAQUÍN

Aquí non estivo ninguén.

SABELA

Moi medoñenta.

¿Que foi, papá? ¿Que queren?

SARXENTO

Ti ven para aquí, bolboretiña. E cala. As rapazas estades máis boniteiras así...

Aprétalle os beizos con forza.

CAPITÁN

Será mellor que me diga axiña onde vai o Lagorcio. ¿Que misión lle encomendou?

XAQUÍN

Non sei de que me fala.

CAPITÁN

Sabémolo todo. Non perdamos tempo. ¿Onde se atopa o Lagorcio?

XAQUÍN

Xa lle dixen que non sei nada.

CAPITÁN

Verémolo

Sabela berra e rebole para se arredar do Sarxento.

SARXENTO

¡Acouga, bolboretiña!

XAQUÍN

Deixen a miña filla. ¿Non lles da vergoña tratar así a unha meniña?

CAPITÁN

Estou agardando a que fale...

XAQUÍN

¡Ceiben á rapaza!

CAPITÁN

Vostede é moi teimoso... Fíxenlle unha pregunta.

Chama polo Sarxento, que arreda con forza á rapaza para un curro e logo ponlle unha moca a Xaquín diante do nariz.

Todos sodes iguais... Obrigádesnos a facer cousas que non nos gustan...

O Sarxento dálle un mocazo nos beizos. Sabela chora.
 ¿Cal é o teu nome?
 ¿Seica non tes lingua?
Xaquín cala.
Outro mocazo.
 XAQUÍN
 Xaquín. Xaquín Freire Lesta
Moi baixiño.
 CAPITÁN
 ¿Como dixo?
 XAQUÍN
 Xaquín Freire.
Moi baixiño.
 CAPITÁN
 Non oio nada.
Mocazo. Sabela chora máis alto.
 XAQUÍN
 Xaquín Freire.
Un pouco máis alto.
 CAPITÁN
 Non sei o que di.
 Xaquín Freire.
Mocazo.
 CAPITÁN
 ¿É que non tes voz?
Mocazo.
 XAQUÍN
 Xaquín Freire.
Máis alto.
 CAPITÁN
 Non oio, señor.
Mocazo.
 XAQUÍN
 Xaquín Freire
Moi forte.
 CAPITÁN
 Non oio nada, señor.
Mocazo.
 XAQUÍN
Fortísimo.

Xaquín Freire.

CAPITÁN

¿Non pode berrar máis?

Mocazo.

XAQUÍN

Fortísimo.

Xaquín Freire.

CAPITÁN

Ao Sarxento.

¿Oíches algo? Eu tampouco.

Mocazo.

XAQUÍN

Con todas as súas forzas.

Xaquín Freire.

CAPITÁN

Non fai falla que me berres. Non son xordo. ¿Cal é o seu nome, señor?

XAQUÍN

Forte.

Xaquín Freire.

CAPITÁN

Sen berrar.

Mocazo.

XAQUÍN

Normal.

Xaquín Freire.

CAPITÁN

Dilo de mala gana. Hai que ser amable cos oficiais. ¿Como se chama, señor?

XAQUÍN

No mesmo ton que o Capitán.

Xaquín Freire.

CAPITÁN

Ben, está un pouco mellor.

Mocazo.

Pero aínda non é o máis axeitado...

XAQUÍN

Igual.

Xaquín Freire.

CAPITÁN

Ben, moi ben. Pero cuspíchesme. Cuspíches a un oficial. ¿Que agardas para me limpar?

Mocazo.
Xaquín esfórzase en atopar o cuspe.

Veña. Límpao. ¿Ou non queres?

Xaquín segue ollando.

¿Búrlaste? ¿Non o ves aquí na miña face?

Xaquín pásalle a man pola meixela. Mocazo.

¿Que fixeches? ¡Déchesme unha labazada! A min. A un oficial. Eso non llo van perdoar, señor. ¿Que agarda para limparme o cuspe? Non o ve aquí?

Xaquín limpa polo uniforme. Mocazo.

¿Que fas? ¿Non sabes que o uniforme é sagro? Outros morreron por menos.

Xaquín cae esgotado ao chan.

XAQUÍN
¡Pois máteme, máteme! ¡Axiña!

O Sarxento quiere bicar a Sabela.

SABELA
Non, non, por favor. Abonda xa. Por favor...

CAPITÁN

Ao Sarxento.

¿Seica che gorenta a rapaza?

SARXENTO

Rindo.

É un pouco chorona...

CAPITÁN
¿Que agardas logo?

SARXENTO
Rematarei axiña.

CAPITÁN
Non hai présa.

SARXENTO
Vente bolboretiña. Verás o que é cousa boa...

Cóllea e lévaa á forza. Ela chora e berra.

CAPITÁN
¿Pensas que se pode estar así diante dun oficial? ¡De pé!

Dálle un couce.
Xaquín érguese como pode.

Ponte firmes. Estás cun oficial.

Xaquín quiere poñerse ben e cae.
O Capitán fai que se erga outra vez a couces.

Veña, de pé.
Ben ergueito. Veña. Teso, ¡jar!

Xaquín, con moito esforzo, ponse.

Non te movas. Ben, o señor pódese deitar.

**Dálle un couce nas pernas e Xaquín cae.
Laios e berros de Sabela. Xaquín xeme.**

¿Oes? Débeo estar pasando ben.

**Xaquín quere acudirlle á súa filla.
O Capitán dálle outro couce.**

Ao larpeiro gústanlle así: noviñas e á forza.

**Ri.
Berros de Sabela.**

¿Non te ris? Pois a cousa ten a súa gracia. Ten...

Dálle couces.

Ri. ¿Que agardas?

Xaquín chora.

Dixen que rises. Veña. ¿Ou non sabes? Veña, ri.

Couces.

¡Veña, veña!

**Xaquín remata por rir. Ri e chora, chora e ri.
Sobe en intensidade a trágica risa.**

Escuro.

XIV

ESTRELA

E Xaquín Freire,
o meu home,
finou na cadea, pouco despois...

A Sabela atopeina cabo dunha irmá miña
que vivía preto de alí.
Estaba moi desmellorada.
A coitadiña non puido
con tanta desgracia xunta.

Cando se recuperou
e eu me sentín con forzas,
boteime novamente polo mundo.

Rematara a guerra.
Gañaran,
como se agardaba,
os conservadores.
E Deus sabe ata cando
serán donos do poder.
Non ficou ningún liberal
nin rastro del.
Nin tampouco xente que así
lles semellara
aos conservadores.
A represión era aínda máis forte
que antes da guerra.

Levo tempo vagabundeando
e non terei paraxe
ata que atope
ao Capitán,
ao autor de tanta desgracia.

Óese unha marcha militar.

Teño que rematalo,
que acabar con el,
coa súa caste...

Algún día atopareino...
E ese día, dende ese intre,

xa non rebulirá.

Saca un coitelo.

Espetareille o coitelo no peito.
Espetareillo no figado.
Espetareillo no ventre.
Espetareillo...
No corazón,
na boca, nos pulmóns...
¡Espetareillo, espetareillo...!
¡Nas entrañas!
¡Espetareillo!

Crava o coitelo no peito.

Espetareillo...
Espetareillo...
Espetareillo...
Espetareillo...

Apágaselle a voz mentres cae paseniñamente ao chan. Dá un grandísimo berro e morre. O son da marcha é agora atronador.

Escuro.

